

## CONVENIO ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE I+D+i NO PERÍODO 2025-2026

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Educación, Ciencia Universidades e Formación Profesional **DECLARA:**

Que a Xunta de Galicia ten previsto formalizar coa Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia de dous anos a contar dende a súa entrada en vigor, de conformidade co previsto no artigo 34.2 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e a Innovación, trala modificación operada pola Disposición final novena, apartado primeiro, do Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A realización dun conxunto de accións recompiladas nun Programa de I+D+i na Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica que se concretan no anexo II deste convenio para o período 2025-2026. A proposta ten como obxectivo conseguir unha investigación de excelencia e a consolidación dos centros de coñecemento, e basearase nos seguintes eixes de actuación, definido no anexo I:

- Potenciación de liñas estratéxicas de investigación para promover a excelencia científica técnica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.



Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

1. Que a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, creada por Decreto 451/2003, de 26 de decembro, é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, adscrita á Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, segundo se establece no Decreto 43/2013, de 21 de febreiro, polo que se establece a estruturas orgánica do Servizo Galego de Saúde, e que ten como obxectivo a realización de actividades de promoción, prestación e xestión de recursos e servizos de docencia e investigación científica nos centros sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia.

2. Que a Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, do 6 de febreiro).

A Axencia Galega de Innovación é unha axencia pública autonómica, adscrita á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional pero con personalidade xurídica propia, que ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implantación de estratexias e programas de innovación eficientes.

3. Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1, formula como obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia e valorización de



resultados e de innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente.

A Estratexia de Especialización Intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027, aprobada por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, o Consello da Xunta aprobou o 3 de febreiro de 2025 o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

O presente convenio enmárcase na RIS3 de Galicia 2021-2027, aliñándose co reto 3 (modelo de vida saudable e envellecemento activo da poboación) e coa prioridade 3 (enfoque cara ás persoas). Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 1, integrándose polo tanto no programa Integra da RIS3 e no programa Coñecemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

4. Que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Axencia Galega de Innovación, e a Fundación consideran que estes convenios para o desenvolvemento de programas de I+D+i son un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da I+D+i de excelencia en Galicia. O convenio promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados de calidade e facilita o apoio á formación e estabilización de persoal investigador. Establécese sobre a base dos resultados contrastables da actividade investigadora e innovadora e co compromiso de desenvolver un programa por obxectivos individualizado no que se plasmen os fitos que se esperan obter, necesariamente ligados a unha mellora obxectiva nos resultados da actividade investigadora e innovadora.

Dada a especificidade do obxecto do convenio non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, debido as especiais características e singularidade da Fundación Pública Galega de Medicina





Xenómica como centro de referencia no campo da medicina molecular na Comunidade Autónoma e estar prestando os seus servizos a toda a comunidade científica de Galicia. Así mesmo, convenios similares serán asinados coa Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas, M.P. (CSIC) e as fundacións de investigación sanitarias integrantes do sistema rexional de I+D+I dependentes do Servizo Galego de Saúde.

5. O exposto anteriormente acredita as razóns de interese público que xustifican a sinatura deste convenio, que se enmarca nun programa da Axencia Galega de Innovación que ten como finalidade impulsar a I+D+i nos centros de investigación, radicados en Galicia, de Organismos Públicos de Investigación.

6. Que a Axencia Galega de Innovación (ou a entidade que nun futuro poida desempeñar as competencias en materia de investigación, transferencia e innovación) financiará as actuacións con cargo á aplicación orzamentaria que se indica no cadro seguinte, na cal existe crédito adecuado e suficiente:

<b>Aplicación orzamentaria</b>	<b>2025</b>	<b>2026</b>	<b>Total</b>
07.A2.561A.743.14	70.000 €	70.000 €	140.000 €

O libramento destes fondos realizarase conforme á normativa vixente.

7. Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

